



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 31 DE OUTUBRO DE 2024

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2024.....	2
2.- CAMBIO DE USO DAS PARCELAS OCUPADAS POLA IGREXA E O CEMITERIO DE SAN COSME DE NOGUEIROS.....	4
3. MOCIÓN DO PSOE: SAMUEL LUÍZ.....	9
4.- DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE. 3º TRIMESTRE 2024.....	10
5.- DAR CONTA DO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS 2023.....	11
6.- ASUNTOS DE URXENCIA.....	12
- MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 39 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024.....	12
7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	15
8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	20
9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	20
9.1.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE OUTUBRO.....	20
9.2.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE OUTUBRO.....	22
9.3.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE OUTUBRO.....	24
9.4.- ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE OUTUBRO.....	25
REMATE DA SESIÓN.....	26
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	27





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 31 DE OUTUBRO DE 2024

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e nove minutos do día trinta e un de outubro de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente , don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e a Interventora municipal

A Secretaria municipal:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D^a. Lucía Varela Martínez

NON ASISTEN:

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2024

A secretaria da lectura á proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdC: 2024/G006/0000210

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2024

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2024 (borrador asinado o día 28.10.2024)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro"

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 11 VOTOS A FAVOR**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSDG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera; dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓN (1)** do concelleiro do grupo municipal do PSOE (1) don Daniel Ríos Fernández por non estar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación; o **ACORDO seguinte**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 26.09.2024 (borrador asinado o día 28.10.2024)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- CAMBIO DE USO DAS PARCELAS OCUPADAS POLA IGREXA E O CEMITERIO DE SAN COSME DE NOGUEIROSA

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 28.10.2024, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DÍA LUNS 28 DE OUTUBRO DE 2024
EXPDTE: 2024/G012/000019

3.- CAMBIO DE USO DAS PARCELAS OCUPADAS POLA IGREXA E O CEMITERIO DE SAN COSME DE NOGUEIROSA

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

CAMBIO DE USO DAS PARCELAS OCUPADAS POLA IGREXA E O CEMITERIO DE SAN COSME DE NOGUEIROSA

Expediente: **2022/U032/000001**

Logo de ver o expediente 2021-U022-000012 de AMPLIACIÓN DO CEMITERIO DE SAN COSME DE NOGUEIROSA.

Tendo en conta a providencia da alcaldía de 04.03.2022.

Logo de ver o informe técnico emitido pola arquitecta municipal Marta Gómez Fernández o día 18.10.2024 no que se indica:

"...//... ampliación de unha activade existente. Actualmente, lindeiro coa igrexa de San Cosme de Nogueirosa localízase o cemiterio parroquial. O proxecto pretende ampliar o cemiterio ocupando a parcela lindeira. O uso solicitado se corresponde segundo o PXOM con uso funerario, categoría 17.

Catastralmente falamos de tres parcelas:

parcela de atrio e igrexa: 000901000NJ60F0001JZ superficie: 913m²
parcela de cemiterio existente: 000900900NJ60F0001SZ superficie: 1084m²
parcela de ampliación: 15070A010001230000WO superficie: 950m²

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro. _____



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As parcelas onde se localizan a igrexa e o cemiterio están calificada polo PXOM como Solo de Núcleo Rural Común – N2. Segundo a disposición transitoria primeira da LSG, apartado 1 ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A edificación e O entorno están situandos dentro do ámbito de protección de elementos catalogados definidos no PXOM, segundo o Catálogo de Bens Culturais do PXOM coa clave A_015 e afecta directamente ao elemento protexido. Así mesmo está dentro da delimitación “finca singular”.

Así mesmo, o PXOM califica as citadas parcelas como equipamento municipal:

RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSAE CEMITERIO. USO: RELIXIOSO ;
TITULARIDADE ECLESIAL



Segundo.

Urbanisticamente as tres parcelas están calificadas como solo de núcleo rural, equipamento relixioso local (RL) que corresponde segundo o PXOM coa clase de uso relixioso, categoría 14, sen embargo resulta evidente que o uso actual das parcela se corresponde coa clase de uso relixioso (categoría 14) e ademais coa clase de uso funerario (categoría 17) posto que as parcelas albergan o cemiterio existente.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Segundo o establecido no PXOM para uso dotacional:

4.8.12.7. Clase Relixioso.

1. Definición.

Corresponde aos locais e edificios destinados ao culto, así coma aos relacionados con el.

2. Clasificación.

Categoría 14ª. Locais e edificios destinados ao culto, así coma aos relacionados con el, que engloba tanto aos templos e centros relixiosos coma as capelas e oratorios.

3. Condicións.

Amais de coas Ordenanzas da zona, cumprirán coas disposicións vixentes que lles sexan de aplicación.

Disporán de 5 prazas de aparcadoiro por cada 100 m² construídos para os novos edificios destinados a este uso ou para os existentes sempre que se poida cumprir ese estándar.

4.8.12.8. Clase Funerario.

1. Definición.

Correspóndense cos edificios destinados a actividades relacionadas co velorio, tratamento, conservación, estudo e depósito temporal e/ou definitivo de cadáveres, restos humanos ou de animais.

2. Clasificación

Establécense as seguintes categorías:

Categoría 15ª. Velorios: son os locais ou edificios destinados á exposición e vela de cadáveres previos ao seu traslado ó seu depósito definitivo. Poderán situarse en edificios de uso exclusivo funerario ou en edificios de usos compatibles, nese caso unicamente co sanitario de categoría 8ª e residencias de uso asistencial.

Categoría 16ª. Tanatorios: son os locais ou edificios destinados á preparación, exposición e vela de cadáveres previos ao seu traslado ao seu depósito definitivo. Poderán situarse en edificios de uso exclusivo funerario ou en edificios de usos compatibles, nese caso unicamente co sanitario de categoría 8ª e residencias de uso asistencial.

Categoría 17ª. Cemiterios: son os recintos pechados, acaídos para a inhumación de restos humanos. Dentro dos cemiterios se poderán distinguir tres tipos de enterramentos ou depósitos: Fosas (escavacións practicadas directamente na terra), Nichos (cavidades construídas artificialmente subterráneas ou aéreas, simples ou múltiples) e Columbarios (construcións para o depósito de urnas de cinzas resultantes das cremacións). Deberán situarse en recintos exclusivos do uso funerario e no que se poderán integrar o resto das categorías previstas neste uso.

Polo tanto, as parcelas de referencia catastral 000901000NJ60F0001JZ 000900900NJ60F0001SZ e 15070A010001230000WO que albergan a igrexa e o cemiterio existente deberán calificarse como equipamento público clase de uso funerario (categoría 17), ademais do uso relixioso (categoría 14) recollido no PXOM.

Terceiro.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En opinión da técnico que subscribe procede realizar un cambio de uso dunha zona cualificada como de equipamento a outro uso dun equipamento distinto segundo o establecido no art. 4.9.6.5 e 4.10.2.3. do PXOM a través do proceso sinalado no art. 42.5 da LSG, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no citado artigo.

Segundo o art. 42.5, da LSG: "5. O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipos ou dotacións públicas por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso, deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

A efectos do disposto neste número, entenderase que teñen tamén a condición de equipos ou dotacións públicas os que sexan de titularidade pública, aínda que non figuren no plan urbanístico con tal condición."

Cuarto.

O uso definido no documento do PXOM:

RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSA E CEMITERIO; superficie: 2736,00m²; uso: EXISTENTE; uso: RELIXIOSO; titularidad: ECLESIAL

Polo tanto, en opinión da técnico que subscribe, procedería o seguinte cambio de uso e adaptación ós usos desenvolvidos nas parcelas, sempre e cando se cumpra as condicións establecidas no art. 42.5 da LSG:

*RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSA E CEMITERIO; superficie: 2736m²; uso: EXISTENTE; uso: RELIXIOSO-FUNERARIO; titularidad: ECLESIAL
...//..."*

Tendo en conta o informe xurídico da Técnica Superior de Administración Local, conformado pola Secretaría Xeral de data 23/10/2024

*Esta Alcaldía propón a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- O cambio de uso, definido no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Ponte deume, dos terreos con uso definido no documento do PXOM:

"RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSA E CEMITERIO; superficie: 2736,00m²; uso: EXISTENTE; uso: RELIXIOSO; titularidad: ECLESIAL"

Polo uso seguinte:

*RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSA E CEMITERIO; superficie: 2736m²; uso: EXISTENTE; uso: RELIXIOSO-FUNERARIO; titularidad: ECLESIAL
...//..."*





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no BOP da Coruña, no DOG e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio e ao organismo Portos de Galicia, así como ao departamento de urbanismo municipal aos efectos oportunos.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno”.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

Concluídas as intervencións sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **POR MAIORÍA DE 5 VOTOS A FAVOR (5)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro e D. Joshua Dopico López; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera. e do concelleiro do grupo municipal do PP (1) D. Santiago Jose Rodríguez Piñeiro.”

A Presidencia abra a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Daniel Ríos Fernández, concelleiro de Urbanismo**, para indicar que é un paso máis cara a conclusión do expediente de ampliación do cemiterio de Nogueirosa, logo da corrección das aliñacións xa aprobadas polo Pleno, é necesario cambiar o uso de relixioso das parcelas afectadas a un uso relixioso e funerario.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG**, para dicir o seu voto vai ser a favor, pero pide que na conclusión do expediente queden clarificados os m² que realmente se ven afectados.

Concluídas as intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- O cambio de uso, definido no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Ponte deume, dos terreos con uso definido no documento do PXOM:

“RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSA E CEMITERIO; superficie: 2736,00m²; uso: EXISTENTE; uso: RELIXIOSO; titularidad: ECLESIAL”

Polo uso seguinte:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RL-6: IGREXA DE SAN COSME DE NOGUEIROSA E CEMITERIO; superficie: 2736m2; uso: EXISTENTE; uso: RELIXIOSO-FUNERARIO; titularidad: ECLESIAL
...//...”

SEGUNDO: Publicar o presente acordo no BOP da Coruña, no DOG e dar traslado do mesmo á Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, Secretaría Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, á Dirección Xeral do Patrimonio e ao organismo Portos de Galicia, así como ao departamento de urbanismo municipal aos efectos oportunos.

3. MOCIÓN DO PSOE: SAMUEL LUÍZ

O Presidente indica, que se acordou entre todos os grupos municipais cambiar o sentido da moción por unha declaración institucional.

A secretaria da lectura a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agresión homófoba. Este asasinato, que conmocionou á toda a sociedade, puxo de manifesto, unha vez máis, a persistente e violenta LGTBIfobia que segue presente no noso país.

A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.

Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio, e en particular os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos. Segundo os datos do Ministerio do Interior, estes duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada por parte das institucións.

O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben centrarse en previr estes delitos, protexer ás vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Ponte deume acorda:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme deste Concello ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
2. Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.
3. Instar ás administracións públicas competentes a intensificar as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e o apoio ás vítimas.
4. Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso deste Concello coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio.
5. A creación dun protocolo de actuación fronte a agresións LGTBIfóbicas a nivel local, que garanta a protección das vítimas e unha resposta institucional e policial rápida ante estes delitos.

4.- DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE. 3º TRIMESTRE 2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 293/2024 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE 2024.

(Expediente TEdC: 2024/X999/000378)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Entidades locais. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)"

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 293/2024, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao terceiro trimestre de 2024"

As concelleiras e concelleiros presentes, **TOMAN RAZÓN.**

5.- DAR CONTA DO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS 2023

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS NO EXERCICIO 2023

Expediente TEdC: 2023/X999/000379

Visto o sinalado na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais en desenvolvemento do previsto no artigo 116 ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, que establece que antes do día 1 de novembro de cada ano as entidades locais calcularán o custo efectivo dos servizos partindo dos datos contidos na liquidación do orzamento xeral

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 294/2024, de asunto: "Comunicación da remisión do cálculo do custo efectivo 2023 ao Ministerio de Hacienda"

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.- ASUNTOS DE URXENCIA

A secretaria indica que hai un asunto presentado fóra da orde do día.

- MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 39 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para explicar o motivo da presentación pola vía de urxencia. Indica que nas bases de execución do orzamento se contemplan dúas subvencións nominativas, unha delas á Comisión da Festas das Peras; e por regra xeral cambian os membros da comisión pero non o CIF, sen embargo para este ano 2024 a nova comisión tiña un CIF diferente; polo que é necesario modificar a base 39ª das de execución do orzamento para corrixir o CIF e así poder facer seguir coa tramitación desta subvención nominativa. Indica que acaba de entregar en man, aos voceiros dos grupos municipais do BNG e do PP, o informe da Intervención municipal favorable para a tramitación desta modificación.

Pregunta **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP** polo tempo estimado para o pagamento desta subvención.

Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que os prazos dependen da carga traballo que hai no concello, pero que entende que coa sinatura do convenio xa se pode pre-pagar o 80 % da cantidade subvencionada.

Pregunta don **Luis Pena Mosquera, concelleiro portavoz do BNG**, cal é o motivo da urxencia, por que non se presentou ao Pleno como asuntos ordinarios.

Responde o **Sr. Presidente**, que pensaban que o CIF da comisión era o mesmo, e que a achega do 2023 á comisión de festas das Peras está pendente de pagamento por problemas coa presentación de facturas; polo que a comisión do 2024 tería que esperar a cobrar, porque a Lei establece que non se pode pagar unha achega se a do ano anterior non está totalmente xustificada; sen embargo decatáronse de que os CIF eran diferentes e polo tanto se podía tramitar o convenio coa nova comisión do 2024. Continúa dicindo que cando se fixo o orzamento do 2024 non estaba nomeada a nova comisión da Festa das Peras, e se incluíu unha subvención nominativa co CIF que sempre tiveron; pero finalmente cando se creou a comisión das Festas do ano 2024 está tiña un CIF novo; que esa é a modificación.

Pregunta **don Luis Pena Mosquera concelleiro do BNG**, cal é o motivo polo cal non se tramita correctamente o expediente e se leva ao pleno ordinario correspondente, xa que aquí consta unha nota de desconformidade da secretaria municipal.

Responde o **Sr. Presidente**, que se se espera ao Pleno de novembro, non da tempo a asinar o convenio polos prazos de exposición pública na tramitación do expediente; e que a comisión necesita cobrar para facer os seus pagamentos.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera concelleiro do BNG** que di que están desexando que se pague á comisión de festas, pero sen embargo non poden votar a favor da urxencia, que se van a abster; xa que consideran que non se pode traer por urxencia un expediente cunha nota de desconformidade da Secretaría municipal, que segundo indica o Sr. Presidente se corrixe cun informe da Intervención municipal entregado en man un minuto antes do inicio da sesión.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que non entende a postura do Sr. Pena; que o expediente está completo e cos informes favorables, xa que a discrepancia da Secretaría municipal queda corrixida co informe entregado; que non son esixentes no cumprimento dos horarios, que o que se trata é de dar solucións ao problema.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **MAIORÍA DE 10 VOTOS A FAVOR (10)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López, e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DOUS (2) ABSTENCIÓNS** dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), D. Luis Pena Mosquera e D. Manuel Aaron Curbeira Martínez.

A secretaria da lectura a proposta da alcaldía-presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA BASE NÚMERO 39 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2024

Expediente: 2024/X999/000383

Expediente da proposta: 2024/G006/000237

Tendo en conta o informe asinado o 30/10/2024 pola Concelleira de Cultura e o Animador Cultural do Concello de Ponte deume, en relación ao cambio da Xunta Directiva da entidade organizadora das Festas das Peras desta anualidade de 2024, dando conta da modificación tamén da denominación da entidade e do seu número de identificación fiscal (NIF).

Visto que nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para o Exercicio Económico de 2024 e, concretamente na Base 39^a.- Concesión de Subvencións, parágrafo 4.- Subvencións Nominativas, figura:

..

Son subvencións nominativas do Concello de Ponte deume as seguintes:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Prog.	Económ.	Importe	CIF	Denominación
338	48001	70.000,00	G70177431	Comisión de Festas das Peras
430	48001	2.500,00	G15577752	Unión de Comerciantes y Autónomos Eumeses

..."

Vista a necesidade de modificar os datos do NIF e Denominación da entidade organizadora das Festas das Peras da anualidade de 2024, de conformidade co sinalado no informe da Concelleira de Cultura e do Animador Cultural do Concello de Ponte deume,

Vista a nota de disconformidade por ausencia de trámites esenciais emitida pola Secretaria Xeral en data 31/10/2024.

Esta Alcaldía-Presidencia PROPÓN:

PRIMEIRO.- Modificar a relación de beneficiarios incluídos na Base 39ª.- Concesión de Subvencións das de Execución do Orzamento Municipal para o Exercicio Económico de 2024, quedando do seguinte xeito:

“...

Son subvencións nominativas do Concello de Ponte deume as seguintes:

Prog.	Económ.	Importe	NIF	Denominación
338	48001	70.000,00	G70988431	Comisión Festas das Peras 2024
430	48001	2.500,00	G15577752	Unión de Comerciantes y Autónomos Eumeses

...”

SEGUNDO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 169 do TRLFL expoñendo ao público polo prazo de 15 días hábiles, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera concelleiro do BNG**, para indicar que a pesar de absterse na votación da urxencia, si están a favor de que se corrixa o erro para que se poda tramitar a subvención nominativa á comisión de festas das Peras 2024.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes (8 PSOE, 2 BNG e 2 PP); o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Modificar a relación de beneficiarios incluídos na Base 39ª.- Concesión de Subvencións das de Execución do Orzamento Municipal para o Exercicio Económico de 2024, quedando do seguinte xeito:

“...

Son subvencións nominativas do Concello de Ponte deume as seguintes:

Prog.	Económ.	Importe	NIF	Denominación
338	48001	70.000,00	G70988431	Comisión Festas das Peras 2024
430	48001	2.500,00	G15577752	Unión de Comerciantes y Autónomos Eumeses

...”

SEGUNDO.- Que se continúe o procedemento regulado no artigo 169 do TRLFL expoñendo ao público polo prazo de 15 días hábiles, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA AO PLENO ORDINARIO DO DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2024.

Expediente TEdE: 2024/G006/000233

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **564/2024** de 23 de setembro ao **629/2024** de 25 de outubro de 2024, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000620	Nomeamento tesoureiro acctal. Nicolás Placer Sande o 23 e 24 de setembro de	00564/2024	23-09-2024 11:27





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	2024.		
2024/G003/000621	Dec. Convoc. Pleno ordinario 26-09-2024	00565/2024	23-09-2024 15:20
2024/G003/000591	Nomeamento secretaria accidental Eva Guerrero Rico do 25 ao 27 de setembro	00566/2024	24-09-2024 13:17
2024/G003/000592	Aprobación relación de facturas F/2024/32.-	00567/2024	24-09-2024 13:17
2024/G003/000584	Reparación de filtracións en cubertas do concello e centro de día	00568/2024	24-09-2024 22:52
2024/G003/000624	Reforma de la instalación eléctrica de alumado público grupo de vivendas Boavista. Rúa Eduardo Pondal	00569/2024	24-09-2024 22:52
2024/G003/000625	Modificación de crédito número 22, transferencia de crédito 8. Área de gasto 1.	00570/2024	25-09-2024 10:08
2024/G003/000619	Solicitude de ampliación de horas de atención no SAF de dependencia	00571/2024	25-09-2024 10:08
2024/G003/000626	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación rueiras/rueiros de verán 2024	00572/2024	25-09-2024 10:08
2024/G003/000632	Solicita voda civil para o día 29/09/2024 as 13:00 horas na casa da cultura	00573/2024	25-09-2024 12:32
2024/G003/000633	Achega do concello en virtude do Convenio de colaboración co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para o desenvolvemento do programa Xantar na casa 1º e 2º trimestres do ano 2024	00574/2024	25-09-2024 14:54
2024/G003/000638	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes setembro 2024.	00575/2024	26-09-2024 10:01
2024/G003/000631	Elaboración de nóminas-incidencias nómina mes setembro 2024.	00576/2024	26-09-2024 10:44
2024/G003/000634	Elaboración de nóminas-documentación nómina mes setembro 2024.	00577/2024	26-09-2024 10:43
2024/G003/000613	Liquidación de tributos-seguros sociais, agosto 2024	00578/2024	26-09-2024 11:45
2024/G003/000630	Aprobación relación de facturas F/2024/33.-	00579/2024	26-09-2024 11:45
2024/G003/000629	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000033081	00580/2024	27-09-2024 09:53
2024/G003/000639	Expediente sancionado de tráfico RR 21939-2023	00581/2024	27-09-2024 09:53
2024/G003/000637	Solicitude xeral a nome de Soluciones Técnicas de Ocio, s.l.. Presenta: proxecto "Instalación dun circuíto de calistenia"	00582/2024	27-09-2024 09:53





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2024/G003/000641	Solicitude subvención compra de libros para a biblioteca	00583/2024	27-09-2024 10:33
2024/G003/000643	Nomeamento interventor accidental o 30.09.2024.	00584/2024	27-09-2024 12:00
2024/G003/000644	Decreto aprobación listaxe de admitidos nas EDM de inverno 2023-2024	00585/2024	30-09-2024 17:50
2024/G003/000650	Decreto de convocatoria da Xunta de Goberno Local de día 3 de outubro de 2024	00586/2024	02-10-2024 14:25
2024/G003/000649	Resolución provisional das solicitudes presentadas ó abeiro das bases reguladoras de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso escolar 2024-2025, segundo ciclo educación infantil, primaria e ESO do concello de Ponte deume	00587/2024	03-10-2024 10:50
2024/G003/000646	Oferta emprego público, exercicio 2021, convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración	00588/2024	03-10-2024 13:34
2024/G003/000585	Relacións de altas, baixas e modificacións do padrón municipal de habitantes no mes de marzo do 2023	00589/2024	03-10-2024 14:20
2024/G003/000635	Recurso contencioso administrativo N.i.g 1530 45 3 2024 0000287 procedemento abreviado 0000071/2024 RV	00590/2024	04-10-2024 12:25
2024/G003/000647	Solicitude de voda para o día 07/10/24 as 10:00	00591/2024	04-10-2024 12:25
2024/G003/000645	Solicita: un anticipo de dos nóminas a devolver en 36 mensualidades	00592/2024	04-10-2024 12:25
2024/G003/000656	Delegacións de alcaldía presidencia mandato corporativo 2023-2027. Do 7 ao 11 de outubro	00593/2024	04-10-2024 13:43
2024/G003/000651	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000033137	00594/2024	07-10-2024 14:32
2024/G003/000555	Solicitude de acceso a información pública: acceso a licenza de apertura e funcionamento da pensión mesón Paz situada en campolongo, 92	00595/2024	07-10-2024 14:31
2024/G003/000622	Alta-baixa prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo	00596/2024	07-10-2024 19:09
2024/G003/000661	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación	00597/2024	07-10-2024 19:07





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025		
2024/G003/000662	Nomeamento interventor accidental	00598/2024	09-10-2024 13:07
2024/G003/000640	Expediente de pago cotas comunidade do ano 2023 e 2024 de local a e local b do edificio sito en Av. Dr. Villanueva nº 34-36	00599/2024	09-10-2024 19:17
2024/G003/000659	Nomeamento funcionario de carreira, proceso de mobilidade categoría policía local 2024	00600/2024	09-10-2024 19:17
2024/G003/000653	Adxudicación AGADER 2024	00601/2024	15-10-2024 12:52
2024/G003/000670	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00602/2024	15-10-2024 12:52
2024/G003/000667	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000033231	00603/2024	16-10-2024 09:33
2024/G003/000674	Liquidación de tributos- mod 111 e 115 IRPF setembro 2024	00604/2024	16-10-2024 09:33
2024/G003/000652	Solicitude subvención de igualdade da Xunta de Galicia: SI435A e SI436A	00605/2024	16-10-2024 09:33
2024/G003/000669	Solicitude de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 32*****d	00606/2024	16-10-2024 09:33
2024/G003/000666	Conta xustificativa de axudas para situacións de emerxencia social	00607/2024	16-10-2024 09:33
2024/G003/000677	Expediente sancionador de tráfico 9bis 99500000033298	00608/2024	16-10-2024 13:02
2024/G003/000678	Expediente sancionador de tráfico AI 99500000033299	00609/2024	16-10-2024 13:02
2024/G003/000668	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025	00610/2024	16-10-2024 13:38
2024/G003/000680	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de día 17 de outubro de 2024	00611/2024	16-10-2024 14:01
2024/G003/000687	Delegación alcaldía presidencia día 17-10-2024 de 13:00 h a 15:00 horas	00612/2024	17-10-2024 13:32
2024/G003/000683	Nomeamento interventor acctal, o día 17 e 18 de outubro 2024.	00613/2024	17-10-2024 14:01
2024/G003/000685	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación inscricións talleres culturais curso 2024/2025	00614/2024	17-10-2024 15:33
2024/G003/000684	Solicitude de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación	00615/2024	17-10-2024 15:34





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	<i>municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025</i>		
2024/G003/000679	<i>Solicitud subvención adl 2024-25</i>	00616/2024	17-10-2024 15:32
2024/G003/000648	<i>Alta-baixa prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo</i>	00617/2024	21-10-2024 10:40
2024/G003/000664	<i>Alta-baixa prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo</i>	00618/2024	21-10-2024 10:40
2024/G003/000686	<i>Alta-baixa prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo</i>	00619/2024	21-10-2024 10:40
2024/G003/000682	<i>Alta-baixa prestación patrimonial de carácter público por recollida de lixo</i>	00620/2024	21-10-2024 10:40
2024/G003/000692	<i>Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 76*****T</i>	00621/2024	21-10-2024 10:40
2024/G003/000690	<i>Solicitud de tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade - DNI 32*****W</i>	00622/2024	21-10-2024 10:40
2024/G003/000689	<i>Axudas de emerxencia social municipal</i>	00623/2024	22-10-2024 09:17
2024/G003/000702	<i>Solicitud de inscrición en actividades de conciliación inscricións talleres culturais curso 2024/2025</i>	00624/2024	23-10-2024 11:27
2024/G003/000700	<i>Solicitud de inscrición en actividades de conciliación servizo de conciliación municipal madrugadoras/madrugadores curso 2024/2025</i>	00625/2024	23-10-2024 14:23
2024/G003/000703	<i>Solicita acceso a expediente xudicial da familia Tenreiro</i>	00626/2024	23-10-2024 14:23
2024/G003/000711	<i>Sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Asuntos Económicos e Facenda de día 28 de outubro de 2024</i>	00627/2024	24-10-2024 14:01
2024/G003/000710	<i>Sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno de día 28 de outubro de 2024</i>	00628/2024	24-10-2024 14:01
2024/G003/000713	<i>Solicitud de inscrición en actividades de conciliación inscricións talleres culturais curso 2024/2025</i>	00629/2024	25-10-2024 14:15

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron mocións pola vía de urxencia.

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

9.1.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE OUTUBRO.

As preguntas presentadas polo grupo municipal do BNG foron as seguintes que se acompañan da resposta dada polo goberno municipal.

Pregunta 1. SITUACIÓN DO GALEGO NO CONCELLO. Nas últimas semanas fíxose pública a enquisa o IGE no uso do galego nos fogares. Esta enquisa reflexa unha redución no uso habitual do galego, sobre todo nas idades máis temperás. Esta enquisa tamén sinala a contorna na que se atopa o noso Concello como os lugares onde menos se usa o galego de forma habitual. Sabemos que esta situación é xeralizada e non depende do que poda facer o goberno local. Mais dentro das competencias de normalización lingüística que ten o Concello está prevista algunha acción, campaña... etc para promover o uso do galego e pór o noso grao de area para revertir esta situación crítica na que se atopa ?

Resposta do goberno. O Concello de Ponte deume xa non é que vaia facer unha campaña, senón que as realiza todos os anos. Son moitas as actividades que desde as distintas áreas de goberno e especialmente a área de cultura se organizan coa intención de promover e achegar o uso do galego sobre todo aos máis novos. Representacións teatrais, títeres, contacontos, proxeccións cinematográficas, presentacións de libros e un longo etc...

Así mesmo promovemos todas as campañas e actividades que nos chegan desde a Consellería de Política Lingüística.

Por outra banda, o Concello adhírese tamén a outras campañas no fomento da lingua galega como por exemplo e entre outras a campaña #aquítamensefalagalego impulsado o ano pasado polo IES Rafael Dieste da Coruña e que coa colaboración do IES Bremao levamos ao comercio Eumés grazas ao alumnado de 3ª da ESO que promoveu esta iniciativa de éxito da nosa vila.

Pregunta 2. BAR DO MERCADO. O bar do mercado leva pechado máis dun ano. Sendo este un negocio importante para o dinamismo do propio mercado. Cando ten pensado o goberno sacar o novo concurso para a súa concesión?





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Resposta do goberno. Como ben saben vostedes, unha vez que este concello contou con taxa de reposición convocou a praza de técnico de xestión, que é a persoa responsable da área de contratación. Esa praza cubriuse, e entre os expedientes que estaba a tramitar, atopábase o referido ao concurso para a concesión da cafetería do mercado. Algo máis de dous meses despois de tomar posesión, a funcionaria que ocupaba esa praza marchou para outro concello deixando novamente vacante o posto.

Na actualidade estase a xestionar novamente polo departamento de secretaría a oferta desa praza que será publicada en vindeiras datas.

En todo caso a día de hoxe estanse tramitando os pregos para poder realizar o citado concurso no menor tempo posible.

Pregunta 3. LAVANDARÍA RÚA DOS FERREIROS. Preguntabamos en setembro do ano pasado sobre a situación legal e licenza desta lavandaría xa que era e son numerosas as queixas de comerciantes e vecinhos/as da rúa Ferreiros, debido á que a saída de gases deste negocio está a nivel de rúa ocasionando malos cheiros en vivendas e comercios do lugar. Respondían vostedes que o departamento de urbanismo visitou as instalacións e se estaba a traballar no expediente de subsanación ou disciplinario. Temos algún avance ou resolución deste expediente aberto?

Resposta do Goberno. Por mor da inspección presencial e da documentación presentada requiriuse por parte dos técnicos municipais a corrección de diferente documentación. Ademais, durante os últimos meses tiveron lugar varias conversas para a correcta presentación da mesma e así poder finalizar o expediente.

Pregunta 4. OBRAS PONTE. En setembro, a Demarcación de estradas en Galiza falaba de reiniciar as obras despois do verán e continuar cos ensaios. Cales son as informacións máis recentes que ten o concello sobre o novo inicio das obras: prazos, horarios de traballo, peche de carrís...?

Resposta do Goberno. Reiterar o que nos trasladan desde a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, unha vez pasado o verán reiniciáronse as obras tal e como se acordou.

Durante o mes de outubro continuarán cos ensaios e irase informando da posible afectación ao tráfico.

O último que se nos comunicou foi que estase a definir por parte dos técnicos do ministerio e da empresa adxudicataria o sistema de inxectado de formigón dos piares da ponte.

Pregunta 5. ALTAS DE AUGA. Sabemos que no concello hai altas de auga sen conceder cunha demora de máis de 6 meses nalgún dos casos dos que, as persoas usuarias, só teñen como resposta por parte do concello que a arquitecta estivo de baixa (cosa que pode acontecer en calquera momento e para o que haberá que estar preparado) e por parte de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Viaqua, que non saben que facer e que teñen reunións pendentes das que tampouco se lles pon ao día. Pensan que é razoable esta demora?

Canto tempo máis pensa o concello que se pode retrasar a alta de un ben indispensable como é a auga? Que medidas están a tomar ?

Resposta do goberno. Por parte deste Concello non existe tal atraso nos expedientes de altas de subministración de auga cando a documentación presentada pola concesionaria está completa e cumpre os requisitos legais para a súa conexión á rede municipal. Os casos aos que fan referencia pódense producir por diferentes casuísticas como por exemplo; documentación incompleta, disciplinas urbanísticas falta de autorización para desenvolvemento de actividades...

A día de hoxe están informados e comunicados á empresa Viaqua todos os expedientes ata o 8 de outubro de 2024, quedando pendentes de informe tan só dous.

9.2.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE OUTUBRO.

As preguntas presentadas polo grupo municipal do PP foron as seguintes que se acompañan da resposta dada polo goberno municipal.

BIBLIOTECA

A lo largo del curso escolar surgen muchas peticiones de préstamo de libros para apoyo escolar en la biblioteca municipal.

Pregunta 1. ¿Qué presupuesto cuenta la Biblioteca municipal para la compra de libros ?

Resposta do Goberno.- A biblioteca consta cun orzamento anual de 10000€

Pregunta 2. ¿A día de hoy ese presupuesto está agotado?

Resposta do Goberno. A día de hoxe ese orzamento non está esgotado polo que se seguirán a tramitar os pedidos que se solicitan ata esgotar orzamento

En estos momentos la FP integrada de las Fragas do Eume está teniendo un aumento de alumnos. Nos indican algunos que en la Biblioteca no hay libros de consulta para está rama y el personal que allí trabaja les dice que la única manera de poder tener esos libros es que el alumno vaya a pedirlo al Ayuntamiento para que sean comprados....

Pregunta 3. ¿Nos pueden indicar si este es el procedimiento para su compra?

Resposta do Goberno. Os usuarios fan a petición na Biblioteca e o persoal responsable encargase de solicitar a compra na medida do posible, sempre e cando non sexa un exemplar esgotado nas editoriais . Tamén contamos co préstamo entre bibliotecas ao estar integrados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta 4. ¿Que posibilidade hay de dotar a la Biblioteca de material de consulta del fp de Hostelería ?

Resposta do Goberno. O CIFP Fraga do Eume é un centro público de ensinanza e como todos os centros públicos deben contar cunha biblioteca dotada de material adaptado ao seu contido curricular. Así acontece en todos os CEIP da nosa vila e no IES Breamo, onde, segundo as necesidades do alumnado para consulta ou lecturas obrigatorias, se adquiren os exemplares necesarios .

Lembramos tamén que existen as becas MEC para FP para adquisición de material e libros, que este ano incrementaron un 5% o umbral de renda para chegar a un maior número de alumnado.

De calquera xeito, os libros solicitados na biblioteca están a tramitarse do xeito habitual, podendo contar con retrasos pola distribución dos mesmos.

Por outro lado el personal está indicando que los ordenadores de arriba no funcionan

Pregunta 5. ¿Que nos tienen que decir sobre este tema?

Resposta do Goberno. Os usuarios levan tempo sen facer uso deses ordenadores e tendo en conta que non se lles daba uso foron quedando obsoletos

En todo caso fai aproximadamente un mes desde a Concellería de Novas Tecnoloxías solicitouse un orzamento para a compra de novos equipos

AUTOPISTA

Pregunta 6. ¿Está actualizado el IBI que se le cobra a Audasa y a cuánto asciende su importe? ¿Se va a reclamar los atrasos de los últimos 4 años?

Resposta do Goberno. En anos anteriores AUDASA beneficiábase dunha bonificación do 95% no IBI o que reducía o importe anual a 8688,05 euros. Sen embargo, debido a que no mes de agosto do ano 2023 rematou a concesión, o importe no exercicio 2024 ascende a 173.760,93 euros. Reclamaremos 57.920,31 euros que e o importe correspondente ao último cuatrimestre do exercicio 2023, que é a data a partires da que Audasa ten a obriga de tributar.

Así mesmo, dende a maioría de concellos afectados, imos solicitar a Catastro a revisión e actualización dos valores que se aplican na actualidade, posto que non se actualizaron.

CONTRIBUCIÓN

Pregunta 7. ¿Cuál fue la recaudación del recibo de la contribución aportó al Concello en el 2023 y cual va ser el de este año 2024 con la subida?

Resposta do Goberno. A recadación que o recibo da contribución aportou ao Concello no ano 2023 foi de 1.360.686,01 €. Este ano 2024, coa subida, estímase que será de 1.579.328,80 €, un incremento de 218.642,79 € en relación co ano anterior.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Máis alá do aumento do IBI aprobado en pleno por unanimidade de todos os grupos meses atrás, este incremento no recibo débese en gran medida á regularización catastral solicitada polo anterior goberno do PP o 30 de outubro de 2014, xa que en lugar de aplicar o incremento derivado da mesma todo xunto, decidiuse fraccionalo en 10 anos, polo que ten un impacto directo sobre as contías que se abonan en 2024.

JARDÍN LOMBARDEOS

Pregunta 8. En el jardín el árbol metrosidero, más conocido como el árbol de la bruja está secando por una zona. Según indican en la prensa está una firma experta siguiendo su evolución..

¿Quién es esa firma experta a la que se llamó? ¿Hay algún informe por escrito por parte de la empresa al Ayuntamiento?

Resposta do Goberno. A empresa é Xardinería Arce. Sí existe ese informe emitido ao concello.

9.3.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O PLENO DE OUTUBRO.

Os rogos presentados polo grupo municipal do BNG foron os seguintes:

a) Arranxar a portas do mercado. Por un lado a porta automática da zona lateral que da as escaleiras que dan acceso a rúa porto. E tamén as fechaduras automáticas das portas de reixa, tanto a frontal da entrada principal como a traseira.

b) O tellado do pavillón municipal ten pingueiras sen amañar dende hai anos. Esta instalación municipal soporta unha gran afluencia de usuarias durante toda a semana. Se non se arranxa canto antes, este deterioro pode provocar importantes lesións nas persoas que empregan esta instalación en adestramentos e partidos. Solicitamos a reparación urxente da cuberta pavillón

Toma a palabra o **don Luis Pena Mosquera concelleiro do BNG**, para presentar un rogo “in voce” e pide que o xa está o 25 N cerca e pide que se vaian adiando as conversas para poder facer unha declaración institucional, que sería interesante facela con tempo.

Pide a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do BNG** para comentar en relación á pregunta que fixeron sobre a lingua galega, que lles chegaron imaxes, non do Concello senón que entende que son das empresas que prestan o servizo de limpeza no mercado ou na rúa, de cartaces que está en castelán, polo que rogan que se poñan en galego, ben comunicándollo as empresas ou se lles facilite dende o concello os carteis que hai que poñer.

9.4.- ROGOS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA O PLENO DE OUTUBRO.

Os rogos presentados polo grupo municipal do PP foron os seguintes:






CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

RUEGOS:

“Rogamos pinten las plazas de aparcamiento que faltan en la calle Gonzalo Torrente Ballester”



“Rogamos se repare la barandilla de madera del paseo marítimo”



“Rogamos limpien cuanto antes el curso del río en Esteiro.

“Rogamos limpien la fuente de Boa Vista”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



REMATE DA SESIÓN

Non habendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 28.11.2024 segundo o borrador asinado o día 25.11.2024. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

